

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	PRODUCCIÓN E XESTIÓN
DISCIPLINA	Produción e Xestión II
TITULACIÓN	Titulación de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Arte Dramática
ESPECIALIDADE	Dirección e dramaturxia
CURSO	3º
CRÉDITOS ECTS	3 ECTS
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Dirección escénica e dramaturxia
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Xavier Castiñeira Blanco
DOCENTES	<p>Nome e apelidos: Xavier Castiñeira Blanco</p> <p>Horario titorías: https://esadgalicia.com/curso-escolar/</p> <p>Despacho: T13</p> <p>Contacto: xacabla@edu.xunta.gal</p>
DESCRIPCIÓN	Valoración do traballo en función do marco socio-laboral. Comprensión do marco social no que se desenvolvan a creación de proxectos de xestión ou produción.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Non se precisan coñecementos previos para a realización desta disciplina.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán Inglés
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DA TITULACIÓN	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
T10	Liderar e xestionar grupos de traballo.
T13	Buscar a excelencia e calidade na súa actividade profesional.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance coa responsabilidade cara o patrimonio cultural e medioambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	

ED3	Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.	
ED4	Planificar e desenvolver programas de educación e animación teatral	
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA		COMPETENCIAS VINCULADAS
1.	Adquirir os coñecementos básicos da lexislación vixente en materia de xestión de espazos e salas.	T2, T4, T13, T16, X3, X7, ED3.
2.	Entender o funcionamento interno do sector escénico galego, dende unha panorámica histórica, estrutural e sectorial.	T2, T4, T16, T17, X7.
3.	Desenvolver claves estratéxicas para o financiamento dos proxectos persoais.	T3, T9, X3.
4.	Desenvolver planes de xestión de espazos e salas atendendo aos criterios máis relevantes (sociais, económicos, culturais...)	T1, T2, T3, T4, T9, T10, T13, T16, T17, X3, X7, ED3, ED4.
5.	Desenvolver as premisas de estudo e análise de modelos de negocios baseados nas artes escénicas.	T1, T2, T3, T4, T9, T10, T13, T16, T17, X3, X7, ED3, ED4.
4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. A cultura.	1.1 Os novos paradigmas culturais.	4h.
2. Lexislación.	2.1 Espazos e modelos. Regulamentación sobre salas e espazos escénicos.	6h.
3. A xestión.	3.1 Unha definición de xestión. 3.2 O proxecto cultural: <i>misión e visión</i> . 3.3 O plan de xestión: <i>fases fundamentais</i> . 3.4 Ratios de xestión aplicables. 3.5 Análise DAFO. 3.6 Autoanálise da estratexia. 3.7 Aspectos técnicos: <i>a dirección técnica</i> .	5h.
4. O plan de empresa.	4.1 Definición. 4.2 As preguntas transversais. 4.3 O modelo de negocio.	4h.
5. Financiamento.	5.1 Modelos de financiamento: <i>macro e micro</i> .	1h.
6. O marketing.	6.1 Marco estratéxico: <i>6.1.1 O público: comportamento, coñecemento, demanda e creación de novos públicos.</i> 6.2 Marco operativo: <i>6.2.1 Tipos de marketing.</i> <i>6.2.2 Elementos dun programa de marketing.</i> <i>6.2.3 Marketing dixital.</i> <i>6.2.4 Plan de xestión de públicos.</i>	10h.

7. As artes escénicas en Galicia.	7.1 A estrutura e funcionamento do sector galego. 7.2 Historia do sector teatral galego. 7.3 A AGADIC. 7.4 Os circuítos e a rede de salas. 7.5 Asociacións nas artes escénicas. 7.6 O Centro Dramático Galego. 7.7 As artes escénicas en Galicia: <i>situación e perspectivas</i> .	30h.
-----------------------------------	---	------

TOTAL SESIÓNS

60h.

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias.	2h.	--	2h
Exposición maxistral.	15h.	--	15h.
Exposición práctico-teórica.	--	--	--
Práctica individual.	15h.	15h.	30h.
Práctica colectiva.	15h.	15h.	30h.
Obradoiro.	--	--	--
Seminarios.	--	--	--
Actividades complementarias.	--	--	--
Outros.	--	--	--
Titorías individuais.	6h.	--	6h.
Titorías de grupo.	4h.	--	4h.
Actividades de avaliación. Probas.	1h.	--	1h
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras.	1h.	--	1h.
Actividades de avaliación. Revisión .	1h.	--	1h.
TOTAL	60 horas	30 horas	90 horas
PORCENTAXE	66,66%	33,33%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Actividades introdutorias.	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como para presentar a materia.
Sesión maxistral.	Exposición por parte do docente dos contidos fundamentais da disciplina.
Proba escrita.	Test sobre os contidos do curso.
Traballo práctico.	Cada alumno/a -ou grupo de alumnos/as- realizará un proxecto teórico-virtual sobre un os seguintes modelos: <ol style="list-style-type: none"> 1. <u>Elaboración dun plan de xestión</u>: a partir dun espazo teatral de titularidade pública, e tomando como referencia o presuposto do último ano, o alumnado fará unha proposta de reorganización e programación do mesmo. 2. <u>Elaboración dun plan de negocio</u>: a partir das premisas dadas polo docente, o alumnado terá que desenvolver un estudo de negocio relacionado co sector das artes escénicas.

Titorías individuais.	Entrevistas que o/a alumno/a mantén co profesorado da disciplina para asesoramento/desenvolvemento das actividades e do proceso de aprendizaxe. Estas titorías individuais poden ser solicitadas tanto polo alumnado coma polo docente.	
Titorías grupais.	Entrevistas que cada grupo de traballo -dentro dos traballos prácticos- teñen co docente para ser supervisados dentro de cada proceso de forma específica. Estas titorías grupais poden ser solicitadas tanto polo alumnado coma polo docente.	
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA		
Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado nas diferentes actividades avaliáveis.	
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inquiredanzas do alumnado.	
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Test sobre os contidos do curso.	T2, T4, T13, T16, X3, X7, ED3.	40%
Traballo práctico.	T1, T2, T3, T4, T9, T10, T13, T16, T17, X3, X7, ED3, ED4.	60% das cales: <i>60% traballo final. 30% presentación.</i>
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Test sobre os contidos do curso.	T2, T4, T13, T16, X3, X7, ED3.	40%
Traballo práctico.	T1, T2, T3, T4, T9, T10, T13, T16, T17, X3, X7, ED3, ED4.	60% das cales: <i>60% traballo final. 30% presentación.</i>
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Test sobre os contidos do curso.	T2, T4, T13, T16, X3, X7, ED3.	40%
Traballo práctico.	T1, T2, T3, T4, T9, T10, T13, T16, T17, X3, X7, ED3, ED4.	60% das cales: <i>60% traballo final. 30% presentación.</i>
9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS		
Referencias básicas:		
Beirak Jazmín (2022): <i>Cultura ingobernable</i> . Barcelona, ed. Ariel.		
Colomer, Jaume (2013): <i>La formación y gestión de públicos escénicos en una sociedad tecnológica</i> . Madrid, Fundación Autor.		
López Silva, Inmaculada (2016): <i>Resistir no escenario. Cara a unha historia institucional do teatro galego</i> . Santiago de Compostela, Universidad de Santiago/Xunta de Galicia.		
Pérez Martín, Miguel Ángel (1996): <i>Técnicas de organización y gestión</i> . Ciudad Real, ed. Ñaque.		
Pérez Martín, Miguel Ángel (2004): <i>Gestión de salas y espacios escénicos</i> , Ciudad Real, ed. Ñaque.		
VVAA (2001): <i>Galicia e a residencia teatral</i> . Vigo, Consello da cultura galega.		

Referencias complementarias:

- Byrnes, William J. (2003): *Management and the arts*. USA Focal Press.
- Colomer, Jaume: *La gestión de las artes escénicas en tiempos difíciles*. Barcelona, Cuadernos Gescenic.
- Galán Eduardo y Pérez De La Fuente, Juan Carlos (1995): *Reflexiones en torno a la política teatral*. Madrid, Fundación para el análisis y los estudios sociales.
- Gómez De La Iglesia, R (2000): *Público y privado en la gestión cultural*. Vitoria-Gasteiz, Xabide.
- Lago, Sergio e Lorenzo, Marcos (2019): *A xestión cultural en Galicia: unha visión panorámica actual*. Santiago de Compostela: Andavira editora
- Reid, Francis (1983): *Administración teatral*. Sevilla, Centro Andaluz de Teatro.
- Sanjiao F.J.(2007): *¡Todo o mundo a escena! A economía do teatro: unha ferramenta de xestión no sistema teatral galego*. Lugo, ed. Tristram SL.
- Towse, Ruth(2005): *Manual de economía de la cultura*. Madrid, ed. Autor.
- VVAA (1998): *La gestión de organizaciones no lucrativas*. Bilbao, Deusto.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

A falta de asistencia a clase de máis do 10% do horario lectivo desta disciplina supoñerá a perda da avaliación continua. Todo atraso na hora de entrada na aula será contabilizado tamén como falta de asistencia.

Nas exposicións e traballos escritos terase en conta a asimilación do coñecemento, a adecuación da linguaxe, a capacidade investigadora e de análise e a expresión de puntos de vista persoais.

As presentacións dos traballos terán que estar feitos baixo a normativa APA marcada polo centro. Nestes traballos valorarase porcentualmente o nivel de expresión, a coherencia textual e a corrección ortográfica e gramatical.

Para obter unha cualificación global positiva, deberanse aprobar (5 ou máis) todas e cada unha das actividades de avaliación recollidas neste programa.

Os traballos fora do prazo estipulado polo docente serán valorados como non entregados.

A asistencia a titorías será pactada previamente entre estudante e docente, de forma persoal ou a través de email, co fin de acordar: tema, medio e día e hora do encontro.

É imprescindible que o alumnado da convocatoria extraordinaria contacte previamente á preparación da avaliación co profesorado da disciplina para a asignación ou pacto do texto para o proxecto escénico e información dos exercicios concretos a realizar.

Está totalmente prohibido entrar na aula con comida ou bebida agás unha botella de auga.

No caso de seren necesarias por emerxencia sanitaria ou calquera outro tipo que determine a administración educativa activaranse os protocolos específicos.

11. NECESIDADES DA MATERIA

Para desenvolver correctamente as actividades que permitan acadar as competencias marcadas na programación docente é imprescindible que no espazo de traballo haxa unha mesa ampla de traballo, varios ordenadores con conexión a internet e un teléfono.